

A black and white portrait of Xosé María Díaz Castro, a man with glasses, wearing a suit and tie. The portrait is framed by a white, torn-paper-like border against a black background.

# Xosé María Díaz Castro

DÍA DAS LETRAS GALEGAS  
2014

UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

O selo dun poeta  
Beleza para sempre





Xosé Manuel Salgado  
Carmen Blanco

# O selo dun poeta Beleza para sempre

Conferencias pronunciadas  
no Salón Nobre de Fonseca  
da Universidade de Santiago de Compostela  
o xoves 15 de maio de 2014  
co gallo do Día das Letras Galegas

2014  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

© Universidade de Santiago de Compostela, 2014



This work is under a Creative Commons BY-NC-SA 3.0 license.

Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-SA 3.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law.

You can access the full text of the license by clicking on the following link:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/>



Esta obra se encuentra bajo una licencia Creative Commons BY-NC-SA 3.0.

Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-SA 3.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley.

Puede acceder Vd. al texto completo de la licencia haciendo clic en este enlace:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.es>



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, agás excepción prevista pola lei.

Pode acceder Vd. ao texto completo da licenza premendo nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

#### **Maquetación**

Ildefonso Vidal Ocampo

Servizo de Publicacións

da Universidade de Santiago de Compostela

#### **Edita**

Servizo de Publicacións


da Universidade de Santiago de Compostela

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

**handle** <http://hdl.handle.net/10347/10977>



UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



## O selo dun poeta

*Xosé Manuel Salgado*

Quixera que as miñas primeiras palabras de hoxe teñan coma destinatario a quen durante catro anos rexeu a nosa Institución, o Dr. D. Juan Casares Long. Aproveito a súa presenza neste acto solemne, posiblemente, un dos últimos que presida como Reitor da nosa Universidade, para desexarlle un ventureiro futuro. Benzón e sorte.

Con maior nitidez nalgúns casos, con menor precisión memorística noutros, moitos de vostedes que me están a escoitar, sen dúbida lembrarán o día no que, por feliz iniciativa do chorado Francisco Fernández del Riego, a Academia Galega decidiu homenaxear ás máis emblemáticas e senlleiras figuras das nosas letras. Así, ano tras ano, tódolos 17 de maio vimos pasar, a xeito de singular estadea, a todos aqueles que a douta Institución considerou merecentes de semellante gabanza e honor. Ben é verdade que algúns deles, como a malfadada e infeliz Xohana de Castro, desgraciadamente, só puideron chegar a ser raíñas e reis por un día.

Eseadúbidaqueantesmanifestabarespecto da institucionalización da data antedita no seu acordo, esváese na súa totalidade a incerteza ó consignar que ningún de nós tratou de palabra ou por escrito, a Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro ou Antonio López Ferreiro. Mais, consonte foron caendo as follas do calendario, é probable que, en maior ou menor medida, se achegasen e mesmo chegasen a confraternizar con algúns que recibiron a súa homenaxe



no aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*. Quen lles está a falar lembra con absoluta viveza a Vicente Risco e a Otero Pedrayo; do primeiro conservo aínda nun caixón dunha mesiña de noite na miña casa do Castro de Caldelas, unha carroza tirada por dous cabalos, feita cunha folla de papel de periódico e modelada cuns certos e afinados golpes de tesoiras. Do segundo gardo un recordo imperecedeiro e imborrable aínda que é verdade que cando o coñecín de moi neno, nin sabía que significaba a súa figura nin que representaba para a nación, algo do que me fun decatando co decorrer dos días ata chegar a converterse en facho e guieiro do meu vivir. Mais teño a impresión de que tanto don Ramón como Vicente Risco se sentirán moito máis cómodos no ceo de Breogán, gozando da compañía de Castelao, Lago González e Lamas Carvajal que ter que vivir nun mundo rexido por gobernantes insensatos, dominado por un capitalismo descarnado, impaciente e depredador, un mundo como é o de hoxe no que triunfan toda unha caste de políticos, banqueiros, financeiros, plutócratas e oligarcas corruptos, eximios representantes da podremia moral máis absoluta e lúgubres exemplares da máis engraecida flor da moi nobre e alta delincuencia.

Mais, sen bota-la áncora a demasiada profundidade nas augas procelosas da memoria, decatámonos de que foron tamén honrados na simbólica data do 17 de maio, algúns cos que mantivemos unha moi estreita relación —e penso en Roberto Vidal Bolaño—, con quen compartimos mesa e mantel en moitas ocasións e que nos agasallou coa súa amizade, amizade que «por un erro interrompeu a morte» Para quen viviu moitas experiencias a carón do homenaxeado, é este un feito que, se por unha banda nos enche de orgullo, contribúe por outra a desacralizar un tanto este ritual laico de tódolos 17 de maio. Ó non nacer en tempos e latitudes proclives á santidad, non tiven, polo de agora, a oportunidade de tratar con ninguén que fose elevado ós altares porque os santos, segundo me ensinaron, tamén foron homes. Non quero que vexan, cando menos esa é a miña intención, ningún asomo irreverente nas miñas palabras pero teño que confesarlles que non deixaría de ter para min un certo aquel indescribible o poder dicirlle a alguén ó entrarmos nunha igrexa: «aquel que ves alí, a carón do altar maior, andivo comigo de tazas polo Franco».

Un viero diferente o dos casos anteriormente referidos foi o que me levou a Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro; chego á súa obra xa que logo, antes de coñecer ó autor. E ó referirme á súa obra, circunscríbome unicamente a *Nimbos*, libro no que se detiña con bastante delectación nas súas clases o profesor Carballo Calero, aínda que é verdade que don Ricardo gozaba máis —e a miña compañeira de aulas Carmen Blanco non me deixará mentir—, en relatarnos como Bouza Brey e máis el, ó referirse á casa achaiada da compostelá Praza de Vigo onde nacera Rosalía de Castro, comentaban que alí nacera unha árbore —e cito palabras textuais— «espontánea homaxe da natureza á súa cantora» ou como ó introducirmos en Pondal lía aquilo de que «o labrador ceifa a súa mese no outeiro de Crecy, na *morne plaine* de Waterloo», algo que me parecía moi fermoso pero que non daba entendido ata que cheguei a Otero Pedrayo e el me levou a Victor Hugo, guieiro no camiño a Pondal do profesor ferrolán.

Non se produce por aquel tempo unha entusiástica achega pola miña banda a *Nimbos*, algo que si sucederá poucos anos despois mais si gardo na lembranza o impacto producido pola portada do volume: aquela cor negra abrazando á branca, facendo o debuxo dunha sorte de cruz, portada que dalgún xeito quixemos lembrar no volume que hoxe aquí se presenta.

«O mellor de nosoutros é aquilo que logramos salvar do naufraxio dos ideais adolescentes», así falaba Otero Pedrayo no ronsel vago de Chateaubriand. Fecho os ollos e asolágame nun tempo pretérito. Non lembro con exactitude a data concreta pero si mes e ano —novembro de 1975— e lugar: o Salón de Actos da Facultade de Medicina de Compostela. Había pouco que X.L. Méndez Ferrín lera a súa tese de doutoramento, *Poesía galega de posguerra*, e ese era precisamente o título da conferencia que ditou naquela data perante un moi numeroso auditorio, maiormente composto por estudantes, entre os cales me atopaba. Non son quen a describir pormenorizadamente os pasos seguidos na súa exposición mais si lembro, «coma unha sombra radiante», a referencia concreta a dous poemas que comentou con exhaustividade e logo recitou. Eran o «Monólogo do vello traballador» de Celso Emilio Ferreiro e «Penélope» de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro.

Confeso que por aquel entón, o meu coñecemento da poesía do de Celanova era moito maior cá do dos Vilares; Celso Emilio Ferreiro, como din os modernos, estaba na «onda», nun tempo no que a Ditadura de Franco convulsionaba cos seus últimos estertores. Mais o certo é que no fondal da memoria, aquela frieira e chuvia tarde de novembro íase facendo en min cada vez máis perceptible porque os dous poemas que oira recitar me explicaban dalgunha maneira a conformación do mundo, do mundo que me tocara vivir e co que estaba obrigatoriamente obrigado a entenderme. «Penélope» xa que logo, ferírame para sempre.

Vai ser nos anos oitenta cando se produce o meu coñecemento do poeta. Xunto con Henrique Monteagudo, Suso Otero Molanes, Ramiro Fonte, Antón Dobao e Luís González Tosar formaba parte do comité de redacción da revista *Dorna*, editada polo Departamento de Filoloxía Galega da nosa Universidade. Gozabamos todos dos versos de *Nimbos* e foi daquela cando acordamos solicitarlle algunha colaboración para a revista a aquel poeta, remiso sempre a publicar e que semellaba cumprir ó pé da letra aquela máxima de Rimbaud: «Un non é poeta toda a vida senón só nalgúns momentos dela». O certo foi que nos enviou moitas colaboracións, algunhas delas databan xa dos seus anos de mocidade, escritas en castelán e que agora verteu á nosa lingua e teño que dicir que o seu trato foi sempre agarimoso con nós. Sen caer no esaxero, atrévome a manifestar que *Dorna* rescatou ó poeta para as letras galegas e el mesmo acudiu no mes de febreiro de 1987 a Compostela a presenta-lo número 11 da revista; revista que trala súa morte, lle vai render unha homenaxe, plasmada no número 17, correspondente ó mes de xaneiro de 1991.

Aínda que sexa de xeito telegráfico, permítanme agora uns moi breves apuntamentos sobre o poeta. Sen esquece-la súa faceta de tradutor, tarefa que entendía como unha forma máis de creación, e sen obvia-los seus poemarios de mocidade, *Follas verdes* e *Follas ó vento* —o facsimile do primeiro reproducímolo neste volume—, Díaz Castro para nós é autor dun monumento poético que rotulou *Nimbos*. Sen ser un poeta prolífico xa que logo, como é o caso de Ramón Cabanillas ou Manuel María, grandísimos poetas por outra banda, tan só por escribir este poemario merece un posto de privilexio

no cume máis alto das nosas letras. E diría máis: só con escribir algúns dos poemas que conforman *Nimbos*, non trocaría de lugar no máis alto da pirámide. Neste senso, e aínda que as comparacións ás veces non resultan moi rendibles, parécenos unha figura semellante a Baudelaire, autor como saben dun libro emblemático na historia da literatura universal, *As flores do mal*, pero que non baixaría desa peana tan só con escribir algúns dos poemas que se recollen no mentado volume; pénsese, por exemplo, en «L'albatros», «Correspondances» ou «L'invitation au voyage». Tomei a molestia de examinar algúns dos títulos que aparecen en español en 1961 e pódolles asegurar que ningunha das 48 obras poéticas que se editan ese ano ten a calidade da que bota a andar polos camiños da vida o noso poeta. E iso que algúns dos seus autores se chaman Jorge Guillén, Emilio Prados, Rafael Alberti ou José Agustín Goytisolo, o inesquecible autor de «Palabras para Julia».

De salientar algún aspecto significativo deste poemario, eu falaría dun libro de versos que sorprende polo seu dinamismo, que se move fronte ós ollos do lector coa melodía exacta da emoción e que a través dunha serie de poemas que van definindo unha paisaxe interior, fortemente ancorada na lonxanía da conciencia, vai pouco a pouco entregándono-la lembranza do que foi o poeta; unha paisaxe interiorizada e definitivamente propia que vén ser unha proxección de si mesmo na que o escritor foi deixando anacos da súa vida e da súa forma de ve-lo mundo, baixo o cal se adiviña un pouso de dolor e melancolía. A filosofía existencialista outorga a este sentimento a cualidade de morada do poeta que sabe que o que permanece a salvo, está na súa propia casa, na súa esencia, e basea na escrita, o eterno retorno a ese lugar de lonxanía que, refractaria á análise e máis á lóxica, se constitúe en duración e se une, irremisiblemente, á nosa propia experiencia.

Non se pode obviar así mesmo, que en *Nimbos* Díaz Castro asumiu a tradición poética do seu pobo, tamizándoa a través do seu cribo persoal, peneirándoa coa modernidade inherente a un home do presente, cinguido ás circunstancias da súa vida e da súa terra, demostrando que é posible construír unha poesía de alta calidade estética, libre do inmediato e engarzada no seu medio, nacional

e universal, nun mesmo envite. Decía Sartre que «a prosa se serve das palabras mentres que a poesía serve ás palabras». Díaz Castro serve ás palabras ó tempo que serve delas; a grande verosimilitude da fala popular na súa obra non é incompatible, ben ó contrario, coa vontade de estilo, coa sutileza e calidade de sensacións.

*Nimbos* en fin, é un libro que vai poder ser lido por diferentes xeracións, cada unha delas con distintos valores e preocupacións, sen esgotarse endexamais, sen resolverse en tódolos seus segredos porque non hai ningún poema do libro que perda pertinencia co decorrer dos anos, ó revés, gaña en altura, en dignidade estética, esa condición ontolóxica que Baudelaire reclamaba para a arte verdadeira e, especialmente, para a literatura. Cremos, sinceramente, que contadas veces en poesía a revelación do íntimo resume con tanto tino e perspicacia o colectivo. Mensaxe pois, que non ten fronteiras aínda que si denominación de orixe: a outorgada por un poeta galego que soubo penetrar nas fendas dunha meditación sempre universal e sempre desacougante sobre as zonas sombrizas de calquera de nós.

Téño dito.

## Beleza para sempre

*Carmen Blanco*

«Traguerán os camiños algún día / a xente que levaron». Algún día. Para sempre. Beleza é verdade que ilumina, emociona e move cara ao ben humano: pés, pasos, «mans quantiñas para sempre». Beleza da «rosa» de «vinte pétalos». Para sempre.

Sr. Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, Vicerreitor, autoridades, director do Departamento de Filoloxía Galega, compañeiro do Departamento, colegas, amigas e amigos:

Unha feliz confluencia de camiños xa longos de persoas diversas e con especialidades distintas xúntanos no cruce deste acto de celebración das Letras Galegas na USC nun punto que o fai acto primeiro, único e último, en moitos sentidos: é a primeira vez que hai dúas intervencións e non unha conferencia neste evento central do Día 17 de maio na USC agora xa estendido a todo maio e a todo o ano. Creacións, investigacións, ciencias, letras, humanidades, artes, poesía, pensamento, Compostela, Lugo, home, muller, orixes diversas na Ribeira Sacra, «coma unha uva» e «para sempre»... xúntanse para que o galego siga vivo grazas á creación dun home políglota e amante do saber das linguas que tiña un coñecemento profundo da súa fala primeira e que parece que dominaba máis de

doce linguas; xúntanse, dicía, para que o galego siga vivo grazas a un poeta e tradutor de profesión que traballou moitos anos en Madrid en distintos ministerios e para diversas editoriais, en entidades como o CSIC ou a Editorial Aguilar, realizando versións tanto de textos técnicos ou administrativos como literarios de éxito internacional da «alta cultura» ou da «cultura de masas», que deixou poesía escrita non só en galego, que é o que nos trae aquí, senón tamén en castelán, francés, latín e alemán e que se traduciu a si mesmo, un feito que tamén ten a súa relevancia na celebración do Día das Letras Galegas: un creador, en fin, que está rodeado de misterios como o de ser en vida autor dun só libro, *Nimbo*, que lle foi arrincado pola *intelixencia* do Grupo Galaxia ou o de ter entre as súas pertenzas un «Hymne ao Socialisme. Par Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro, soi-dissant paysan galicien» que se publicou este ano no *Cartafol de traducións* do autor.

Como nos trouxo a nós hoxe aquí a poesía de Xosé María Díaz Castro, que traía tamén aquí a quen non quere estar fóra. É difícil deter a diáspora non desexada de hoxe, causada principalmente polo paro e polo atraso da civilización humana, como foi tamén difícil deter a dos séculos pasados recreada na poesía de Díaz Castro cos motivos negativos da sangría da emigración, a despedida, a ausencia, a perda, o abandono, o desterro ou a «nostalxia triste e tenra» da saudade, mais tamén cos motivos positivos do gozo da marcha ou do regreso ao lugar amado.

«Tódalas pombas fan o meu amor».

Vou falar facéndome pequena, Esmeralda, nena, aínda que teña máis de mil anos. Díaz Castro é poeta da beleza do pequeno. Poeta da beleza franciscana da precisa herba da esperanza. E poeta quizais da beleza da biodiversidade universal que inspirou o libro que hoxe presentamos coa mostra «Galiza / Galice» extraída da obra tetralingüe *Terre d'Espagne / Tierra de España* da hispanista belga Françoise Pechère. Nos poemas pequenos como herbas pequerrechíñas de Díaz Castro hai unha verdade grande.

E vou falar ademais, especialmente, coa poética diazcastriana do silencio, tratando de utilizar a beleza do silencio comprometido e

valente, para que a beleza mesma diga sempre o que di para sempre o «Silencio» dos mortos e dos vivos e o que di espida contra o ceo «A Que Non Fala» na súa poesía. O «Apéndice fotográfico» do libro que presentamos, con imaxes do poeta dos anos trinta, corenta, cincuenta e sesenta, complementa neste sentido as dimensións do creador que a obra dá a coñecer.

E vou falar tamén coas poéticas igualmente súas da memoria e do corazón, aínda que a miña memoria e o meu corazón non sexan exactamente os seus, pois, coma el, «Lémbrome ben [...] / da derradeira pomba da esperanza», «chafarís de ameixas», e dos esmagados «pobres corazóns coma péxagos».

Paso tras paso digo que o amor é química e física: non sei se concordará con isto o catedrático de química Juan José Casares Long Reitor Magnífico da USC que preside o acto. E digo que o amor foi posto na vida para que crecésemos por dentro. Por mandados do amor e consellos do corazón estou hoxe neste acto de celebración das Letras Galegas e de presentación dun libro pensado para a paz libre e xusta, aquí no Paraninfo de Fonseca, o centro do corazón das universidades de Galicia, para propagar a poesía da paz de verdade, a boa arte da paz, que nos fai mellores en todo e que nos leva á vida rica e fecunda, máis alá das malas artes das guerras: máis alá das guerras, de todas as guerras, das guerras públicas e privadas, das guerras da educación, das guerras dos sexos, das guerras de clase, das guerras coloniais, das guerras de relixións, das guerras lingüísticas... que destrúen as nosas mellores enerxías vitais. Boas artes e poesía da paz que non negan a convivencia das persoas con pensamentos e sentires distintos senón que a afirman. Porque, ao igual que o pensamento profundo, a arte e a poesía profundas van sempre por diante, pois como di Isaac Díaz Pardo «A arte e a poesía adiántanse e rexistran antes o que vai pasar». E a poesía hai que seguila.

Díaz Castro naceu en 1914 en terras de Lugo no mesmo ano do comezo da Primeira Guerra Mundial —hai agora un século deses horrores bélicos que destruíron Europa—, viviu na propia carne a guerra civil española mobilizado no bando franquista co que concordaba cando mozo nacional católico quizais inxenuo, sobreviviu na ditadura e a poesía do home maduro conservador



contén na súa «longa noite de fume» —como el lle chamaba ao seu existir, parafraseando as famosas palabras de Celso Emilio Ferreiro—, moitos dos males, das dores, das feridas, dos prantos, dos berros, das sombras, das noites, das cinzas, dos fríos ou dos fumes «existencialistas» vinculados ás causas, ás consecuencias e ás derivacións totalitarias da Gran Guerra, da Segunda Guerra Mundial e da ditadura española —especialmente esta última—, como a poesía do mozo guerreiro, sensible ao amor de nai e aos amores familiares, contén as dores da agarimosa madre do soldado, «pomba morta de amor e terneza / pomba morta de dôr e tristeza», e as amarguras do pai e «irmáns» pola ausencia do poeta a causa da guerra, porque Díaz Castro é poeta «nacido de nai», fronte a outras moitas persoas que semellan non nacidas dela. E cando dicimos *nai* estamos dicindo *nai* e *nai-pai* e *pai-nai* e *nai que non é nai*... porque coñecemos a apertura real da función e do concepto «madre» máis alá dos prototipos e os estereotipos.

«a morte que me mata non é miña»

Eu coñecín persoalmente o poeta a mediados dos anos oitenta e noutros lugares teño dado testemuño da súa vida e da súa obra, como fixen en vida do autor e, á par de Claudio Rodríguez Fer, a raíz da súa morte en 1990. Mais, antes de coñecer a persoa, coñecín a súa obra en antoloxías e coñecín a excelente poesía de *Nimbos* como alumna da Facultade de Filoloxía desta universidade na que as persoas da miña promoción, como Xosé M. Salgado, tiñamos que ler esa obra de Díaz Castro por iniciativa do daquela catedrático de Lingüística e Literatura Galegas, o escritor Ricardo Carballo Calero, que xa con anterioridade nos daba a coñecer o poema «Penélope» de *Nimbos* no ensino medio cando resistía no exilio interior de Lugo como director en funcións do Colexio Fingoy, á volta da liberdade vixiada no seu Ferrol natal, do cárcere e da guerra na que participou defendendo a República. Na súa loita pola liberdade intelectual, Carballo Calero, que fora antes da guerra alumno brillante desta mesma universidade, na que se significara como destacado intelectual ao igual que nas súas actividades paralelas como membro do Seminario de Estudos

Galegos, dirixente do Partido Galeguista ou afiliado da UGT, levou a cabo, segundo os seus propios criterios, un labor de restitución da educación e da cultura democrática na universidade estragada pola represión da ditadura. E foi precisamente neste punto onde Díaz Castro e Carballo Calero conflúen, sen se coñecer daquela persoalmente. Faríano máis tarde en Lugo con Claudio e mais eu como persoas intermediarias e coa presenza de Alfonso Blanco Torrado, amigo constante do poeta nos seus últimos anos.

O libro *Xosé María Díaz Castro*, que presentamos neste acto, é un elo máis da historia galeguista da que forma parte a colección Día das Letras Galegas iniciada en 1973, cando Carballo rexentaba a Cátedra, e que cumpre agora 41 anos de existencia con esta publicación. A obra combina a máxima altura técnica da reprodución en cuatricromía co minimalismo estético do deseño que dialoga coa arte anónima de Xohán Ledo na fermosa primeira edición de *Nimbos* de 1961 en branco e negro e procura a funcionalidade máxima da economía dos materiais, xusto cando se cumpren cincuenta anos da reprodución da mesma en laranxa. O magnífico deseño da cuberta, que pode sintetizar na súa abstracción a cruz latina que se ergue como símbolo máximo en *Nimbos*, quizais traza a planta do propio libro templo e é a Cruz da Igrexa sobre o Castro que o preside e o resume: «Galiza en min, meu Deus, pan que me deron / leite e centeo e sono e lus de aurora! / Longa rúa da mar, fogar da terra, / i esta crux que nos mide de alto a baixo».

O colofón da publicación que presentamos, alusivo ao Día Internacional do Libro e dos Dereitos de Autoría e aos 80 anos do remate do manuscrito de *Follas verdes* datado o luns 23 de abril de 1934, quere facer, con humor e con amor —que non faltan en Díaz Castro—, unha homenaxe ao libro, no formato que sexa, impreso ou virtual, pois o Día das Letras Galegas coincide co Día Internacional das Telecomunicacións. Unha homenaxe ao libro como símbolo dos avances da liberdade de coñecemento e de pensamento, na revolución Gutenberg ou na revolución virtual, e unha homenaxe que cifra a vontade de rexeneración humanista que a obra propón coa colaboración do equipo da edición literaria e da edición bibliográfica para o logro final dun traballo ben feito grazas

a Juan Blanco Valdés como director de Publicacións, Natalia Villar Conde como editora, Ildefonso Vidal Ocampo como creativo e os ollos críticos de Armando Requeixo.

«a gloria de [...] / [...] alteirar a hestoria dos vivos e dos mortos!»

Carballo Calero e Díaz Castro volven confluír de novo na historia da nosa universidade pois en 1994, hai agora vinte anos, eu defendín no Departamento de Filoloxía Galega, con dirección do Catedrático de Literatura Galega Anxo Tarrío Varela e cun tribunal de mulleres e homes presidido pola Catedrática de Portugués da USC Pilar Vázquez Cuesta, sobriña de Luisa Cuesta —ambas pioneiras da presenza profesional das mulleres entre o persoal da nosa universidade e vinculadas ao republicanismo de preguerra represaliado—, a miña tese *Imaxes de mulleres na literatura galega contemporánea á luz dos discursos feministas*, tese que resultou ser, parece, a primeira explicitamente feminista e na que se analizaba a poesía de Carballo Calero e de Díaz Castro. Penso que é importante acudir ao coñecemento non opresivo máis aberto e avanzado para resolver un dos males sociais máis graves, o da violencia sexual implícita e explícita, procurando un tratamento profundo e progresivo do problema que pare a guerra sexual e dos sexos e resolva os conflitos polas vías das actuacións xustas e pacíficas, indo máis alá das imposicións das modas dos supostos «feminismos» superficiais ancorados no atraso humano que practican os mesmos métodos que din combater só que, en aparencia, desde outro bando. Aquí hai persoas, entre elas unha Vicerreitora e dous Vicerreitores, coas que, para min, foi un pracer traballar durante as reunións este curso na elaboración do *II Plan Estratéxico de Igualdade entre Mulleres e homes da USC 2014-2018*. E está tamén presente o Reitor electo, Juan Viaño, que pode velar pola súa boa realización ao igual que as outras persoas do seu novo equipo, algunhas, así mesmo, presentes.

Vinte anos despois tamén, neste 2014, coincidindo co centenario do poeta de *Nimbo*s e co ano do Día das Letras Galegas dedicado ao autor, Armando Requeixo presentou no mesmo

Departamento de Filoloxía Galega da USC, no que fora profesor, a tese *A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro: estudo e edición crítica*, dirixida por Rodríguez Fer e mais eu, ante un tribunal presidido polo actual Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, Catedrático de Literatura Galega xubilado deste mesmo Departamento e da mesma universidade. É, pois, evidente o vínculo do poeta de Guitiriz coa USC, onde a reivindicación da súa poesía ten xa unha longa historia, como tamén sinalou Xosé M. Salgado.

«pra que ti podas ver / sobre medo e o mal / as estrelas arder»

O 21 de abril de 1990, precisamente o ano no que comecei traballar na USC, Díaz Castro dedicoume en Guitiriz a edición bilingüe de *Nimbos*, publicada en Editora Nacional con Introducción de Carballo Calero. Estas son as xenerosas e agradecidas palabras do poeta que cómpre entender neses dous sentidos: «A Carmen Blanco, grande promotora da cultura galega dende o ensino e do seu labor de escritora, este feixe de vellos versos en testemuña de gratitude e de verdadeira amizade, co saúdo garimoso de X.M. Díaz Castro». E, de feito, nun modesto labor antes e despois de que se publicasen en 1995 os libros *Nais, damas, prostitutas e feirantas e Mulleres e independencia*, que recollen, respectivamente, os meus estudos do autor no apartado «Díaz Castro e as mulleres da terra: as metamorfoses da Grande Nai en *Nimbos*» e «Nacida dun soño», falei e escribín sobre a poesía de Díaz Castro e as imaxes de mulleres na súa obra en numerosas ocasión e tratei de corresponder sempre ao poeta con lealdade de amiga, como fago agora. Porque máis alá «do medo e o mal» e máis alá dos patróns dos medos e dos males da escravitude dos «soños» e os «xuramentos» dos homes e dos «rezos» e os «choros» das mulleres, grazas ás palabras do poeta que soña sen maldicir e prega con bágoas invisibles, é posible ver arder a beleza da verdade poética ambigua que avanza, co brillo dos principios da independencia da arte e da apertura do xénero poético, por riba da ideoloxía católica e patriarcal da literalidade do texto. E é esta beleza

da verdade poética ambigua, que se eleva sobre as continxencias do home e do tempo, a que pode facer quedar a poesía de Díaz Castro entre as cousas que nos quedan para sempre, como queda «Nacida dun soño» en *Mulleres e independencia* tal un «puño de cereixas» e como se liberan as horas do peso do mundo transfiguradas en alas e escuma sobre o mar.

«tendo dó da noite que hai en min / variou soles e mundos»

Xosé María Díaz Castro é poeta dende novo, un poeta feito a si mesmo a través de múltiples lecturas clásicas, modernas e contemporáneas, tanto galegas como universais, desde os tempos da súa primeira formación no seu Os Vilares natal e no Seminario de Mondoñedo. Mais desde os seus mesmos comezos vai ser un poeta de inspiración rosaliana, de atracción total por Rosalía de Castro, como José Ángel Valente, que conta na súa biblioteca persoal gardada na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética da USC co libro *Nimbos* de Editora Nacional e que ten moito en común con Díaz Castro debido á profunda, aínda que moi distinta, formación e posición «relixiosa» de ambos: basicamente ortodoxa e conservadora en Díaz Castro e profundamente heterodoxa e progresista no Valente central. Esa atracción rosaliana do poeta lugués é ao comezar máis imitativa, como nos versos deste *Follas verdes* manuscrito da súa man que a nosa edición reproduce, e logo adáptaa profundamente a si mesmo nos versos de madurez e no traballo de selector, recreador e tradutor que representa a construción da magnífica peza poética da nosa tradición literaria «Galiza / Galice» de Françoise Pechère na que Díaz Castro colabora e que o libro que presentamos reproduce como extracto da obra *Terre d'Espagne / Tierra de España* editada en Bruxelas por La Renaissance du Livre no ano emblemático da revolución social antiautoritaria de 1968 con algunhas das mellores cousas das causas dos sesenta: a beleza da revolución da vida, da inclusión da diversidade excluída, da denuncia da opresión e da represión... «Galiza / Galice» é, en realidade, un pequeno poemario do tema de Galicia, da terra galaica e da paisaxe que mostra algunhas

das preferencias esenciais do poeta, entre elas, a súa atracción total por Rosalía de Castro, unha atracción común á de moita outra poesía presente en *Terre d'Espagne*.

Como poeta de inspiración rosaliana, Díaz Castro é poeta integral, poeta da contradición, poeta da noite e do día, poeta da luz e da sombra, poeta do aire e do vento, poeta das augas, poeta do sangue, poeta das bágoas visibles e invisibles, poeta das voces que sosteñen o mundo, poeta dos ollos cegos, poeta do canto e da palabra, poeta da fame e da sede de xustiza, poeta do tempo e a terra, poeta de Deus e poeta da cruz da paixón persoal e colectiva... É poeta rosaliano do saber e do sentir universal do lugar e da natureza, de Galicia toda —a súa Galiza—, mais especialmente das terras luguesas do contorno de Guitiriz e das cidades de Betanzos, Lugo ou Compostela. E como poeta do ronsel da revolución romántica rosaliana é tamén poeta integral do individual e do colectivo: poeta intimista do pensar e do sentir de Díaz Castro vivo nos seus versos, e poeta social do pobo pobre, da vella aldea pobre, das criaturas pobres e das xentes oprimidas. Para el a vida dos seres pegados á terra no modo de produción agropecuario da Galicia da posguerra ancorada no tempo longo do pasado, está chea de dor pero tamén de esperanza e, neste sentido, recolle o dó máis descrido, crítico e colérico de Rosalía de Castro, practicamente sempre sen paz poética interior, para darlle o consolo crente e acougado da confianza no futuro gardado nos soños e darlle tamén a forza vital da loita pola paz verdadeira e do canto de paxaro dos momentos de gozo, de gloria e paz interior «mesmo que o paporroibo nos días de gran neve / se acurrucha cantando nas portas dos labregos...». E ademais Díaz Castro, ao igual que a autora dos *Cantares gallegos*, integra ambas temáticas, persoal e social, que levan en si a vida íntima acompasada coa comunal acochada na arqueoloxía, a arte, o mito ou a historia, recollen a vella tradición da creación oral dos cantares populares e danlle moita importancia ao motivo da relación entre os sexos, aos temas femininos e ás voces distintas de homes e mulleres. O libro que presentamos recolle fragmentos documentais desta atracción rosaliana nas mostras dos dous cadernos manuscritos do poeta que conteñen a copia a lapis dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

«Chorar, chorar, / como sempre choraron as mulleres»

A poesía de Díaz Castro recrea un cosmos de mulleres e homes imaxinado por un varón enraizado nunha ancestral cultura sincrética galaica, de forte tradición agraria e empapada de humanismo cristián, catolicismo, paganismo —especialmente atlántico e céltico—, xudaísmo ou clasicismo greco-latino.

Neste cosmos humano o universo feminino explícito está presidido polo fantasma omnipresente dunha simbólica Gran Nai da fecundidade que o abrangue todo e pode ser todo, orixe e fin, en metamorfose permanente: desde a Terra ou Galicia ata a Vida, a Morte, o Amor, a Noite, a Nada, a Creación, o Poema, a Poesía, a Beleza... Como Mater é o acougo e o consolo ante as dores e as angustias da existencia e pode ser tamén Templo: Catedral clave do mundo, como a Catedral Nai de Compostela. Como Nai Terra encarna o poder de permanencia e fecundidade da vida e dos traballos das mulleres do campo e do mar, e aínda das mulleres todas, identificadas coa familia, coa casa, coas terras e a mesma Terra, ao igual que os homes ás veces e desde os seus outros lugares máis individualizados, como Deus que é «o mesmo». Como a raíña Penélope muller de Ulises, illa, áncora, baía ou doce muller dun home, sostén a esperanza que encarna quizais máis a súa Filla, nas variantes de nenas, mozas, adolescentes ou mulleres amadas — non podemos esquecer o significado afectivo da palabra «nena» na linguaxe amorosa aplicada a seres queridos máis alá da infancia, ao igual que o seu equivalente «neno»—, féminas todas cargadas de contidos vitais e / ou eróticos e evocadas coa natureza, a terra, a poesía e a liberdade para facer un canto á alegría de vivir como en *Nascida d'un sono* ou á cidade como na poesía en castelán do autor. Mais como a muller abandonada no devir da vida de guerras, falsas paces, fames e sedes de «Ai, capitán» pode ser tamén outra dimensión oposta dese poderoso fantasma fecundo, a viúva de vivo ou morto que poetizou Rosalía, a amante que fica na dor estéril cando o home marcha...: «Soia a sireia do teu barco / toda a eternidá».

E, xunto á Gran Nai, aparecen esas outras dúas creacións antagónicas tan vivas na imaxinación tradicional como son as

Virxes e as meigas, respectivamente, desde a perspectiva do poeta, orde e desorde, que, de querer, tamén poden verse como novas e distintas modulacións do proteico fantasma da fecundidade da vida: as benevolentes nais virxinais que conteñen, consolan, agariman e amparan e as irreverentes potencias femias que empuxan e agroman, como eros, na primavera e na festa. Ambas dimensión representan, básica e respectivamente en *Nimbos*, a dozura e a piedade fronte á crueldade e á impiedade de «marzo» ou «abril»...

Díaz Castro presenta un amplo abano de mulleres reais e simbólicas tiradas dunha imaxinación tradicional dominante na nosa terra cando elas mesmas non son xa a propia terra. E, desta maneira, deixou constancia, entre outras cousas, dalgúns dos fantasmas femininos máis persistentes na cultura galega e universal: o continuo ambivalente Nai-Filla, como o continuo ambivalente Pai-Fillo —«un fillo criado, única victoria»—, envolto no Todo Poderoso Eterno Facer e Desfacer de Deus e no Todo Poderoso Facer e Desfacer Temporal do César.

«beleza [...] para sempre»

A orixinalidade da que podemos chamar *beleza Díaz Castro* envolve no seu nimbo a quen a ve. En *Nimbos* hai unha visión moi persoal da beleza da dor do mundo expresada no verso «A beleza feriume para sempre»; é esta unha beleza esgazada entre o drama e a traxedia, beleza esgazada permanentemente na vivencia dramática laica da humanidade, o drama humano, e beleza esgazada por momentos na vivencia trágica relixiosa, a «traxedia de Deus» e aínda a traxedia que pode ser a vida: «Hai unha cousa crara coma o sol: / prós nosos ollos no está feita a lus / do mundo, o abreinte frío que se abréu / cando abrímos os ollos sobre mundo» e «Eu vinte contra o sol, nunha hora tola, / abrazado ó teu toro, derregando / a traxedia de Deus. Dóinos a póla, / pro seguimos cernando». E vese tamén a luz dun amor luminoso que nos comunica coas cousas amadas, humanizadas co «rosto» que lles dá e reveladas co «nimbo» no que as envolve, porque para Díaz Castro «a poesía é a máis alta expresión da comunicación humana»: «Alumarei con fachas de palabras, /



ancho herdo meu, o mundo que me deron», «[...] eu coma a néboa sobros outos montes / que lles cobre a ferez e máilas bágoas; / i eu coma a estrela que entra polo oco / do lousado do pobre na agonía». É esta unha beleza de luz que ferve como un cáliz fumegante, a beleza da poética dos «ollos namorados» que ven a «Lus» de sol, de lúa eucarística e de aurora da «nova vida» e do «novo ceo» de quen cre e canta «coma un río» en acción de grazas: «I eu coma un fondo río de recendos, / de voces e de luzes, coma o aire, / que beixa todo e non se apousa en nada / mais que no sangue, na raíz do sangue...»

É esta unha beleza profunda que ilumina o mundo e transparenta misterios e verdades esenciais da vida; unha beleza integrada nun pensamento alto, un sentir fondo e unha forma precisa; unha beleza que non é «un vestido sen corpo» senón que ten o corpo dun trágico e tenro humanismo relixioso católico patriarcal con pegadas de vellos paganismos universais, especialmente atlánticos e mediterráneos, presididos pola cruz, a espada, a escada e o cáliz, vistos xa desde neno no seu Os Vilares natal: os corpos da meiga de Porto-Muiño, de Penélope en Ítaca, de Xesús de Nazaret, do neno deixado durmindo polo peregrino da grande Europa, da rapaza que espera no seu lugar quizais de Galicia ou da nena que perde o seu nome tras do Atlántico; dos bois a remoer, dos galos do amencer, da Igrexa Galiña, dos cabalos..., corpos vestidos con teas tecidas con fibras plurilingües de tactos, recendos e músicas naturais de mares, terras e froitos e aires rituais místicos dun orixinal clasicismo formal e temático que dixeriu para si tamén moita vangarda: «Un paso adiante i outro atrás, Galiza, / i a tea dos teus sonos non se move», «Un bruar de navíos moi lonxanos / che estrolla o sono mol coma unha uva. / Pro ti envólveste en sabas de mil anos, / i en sonos volves escoitar a chuva», «Un paso adiante i outro atrás, Galiza!». Un paso adiante no amor e un paso atrás no odio. Un paso adiante no amor e outro máis na liberdade!

A obra do propio Díaz Castro está no centro dunha certa corrente humanística e existencial vixente na poesía e no pensamento galego, europeo e occidental do momento da madurez do poeta; tamén no centro da cultura cristiá que xira en torno aos Seminarios, especialmente ao Seminario de Mondoñedo, e se conecta co

catolicismo universal da época e aínda de épocas anteriores, con presenza na poesía galega en casos tan emblemáticos como o de Ramón Cabanillas; mais tamén no centro das poéticas da natureza das terras luguesas e das poéticas da Terra, do Mar, do Tempo, de Deus, da Virxe, do Pan e dos seres vivos de moita outra poesía universal: «Ei, Terra Verde e Mar de Orballo, / [...] agora ó caer no teu colo, / óio pacer a canto hai!». E entre esta poesía universal destaca Rosalía de Castro: a «Penélope» de Díaz Castro segue as Penélopes mulleres de emigrantes, «guerreiros», viaxeiros, camiñantes e navegantes de Rosalía, especialmente a de *En las orillas del Sar*, e dialoga con elas magnificamente na *Odisea* diazcastriana de *Nimbos* á agarda da volta da xente despois da aventura guerreira, xa máis alá da «vocación do mundo» de «subir antre cadavres» de «animás e cristianos» ocultos por Calipso, para a realización do amor. E hai poesía posterior que seguiu este diálogo de presente e de futuro nas visións de Penélope ou nas visións de Ulises, rosalianas, rianxeiras ou oterianas, se queremos velas así...

A poesía de Díaz Castro é unha bela e vella obra de arte de estética patriarcal profunda: «Chorar, chorar / como sempre choraron as mulleres, ai capitán, con barcos ou sin eles!». A súa beleza católica de nimbos, anxos, virxes e estrelas ten o valor simbólico dos templos relixiosos, pois nos mellores poemas de Díaz Castro percíbese a tensa harmonía das auténticas construcións estéticas e *Nimbos* ten unhas veces a beleza das grandes catedrais que dicía Valle-Inclán e outras a das apartadas capelas rurais: a beleza grande da Catedral de Compostela, Pórtico da Gloria, coas súas sombras e as súas luces, ou a beleza da pequena capela do Vilariño natal de Díaz Castro na que o neno Xosé María axudaba a misa...

A súa obra contén verdades acochadas no certo coñecemento máis antigo que, por debaixo das construcións relixiosas, como sabe a vangarda artística e científica máis lúcida, transparenta profundos saberes e valores humanos máis alá «do mundo» e da «historia», aínda que leve en si o mundo e a historia, como «a máxima liberdade»; a «orixinalidade creadora»; a «elegancia, independencia, o voo»; a consciencia individual da vida agónica; a humildade da dúbida crítica do propio ser ou non ser poeta; a intensidade poética do

fragmento; a beleza das cousas pequenas; o saber perderse —como entre os trigos— e o saber do «Bon Tempo Perdido»; a procura dos «cen nomes perdidos» da nai; a comunión con todo; a plenitude da illa; a necesidade persoal e colectiva do soño feito realidade, da alegría vital, do acougo íntimo ou da confianza vitalista na inocencia encarnada na ilusión dos ollos dos «nenos» e na «nena coa mazá nos dentes» «que será nena dentro de mil anos» e que fará que a beleza permaneza para sempre. Ousada pomba viva da esperanza. «Nena durmida». O soño necesario do sono necesario que fai medrar. Amor verdadeiro. Beleza para sempre.







DÍA DAS LETRAS GALEGAS